Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

AGRADECEMOS ÁS 216 PERSOAS QUE CONFIARON NA CANDIDATURA DE CCOO, UN 55% MÁIS QUE A SEGUNDA CENTRAL SINDICAL

CCOO GAÑA UNHA VEZ MÁIS AS ELECCIÓNS DE PERSOAL FUNCIONARIO OBTENDO 7 REPRESENTANTES POR 5 CIG E CSIF E 4 UGT

LAMENTABLEMENTE NON PUDIMOS INCREMENTAR A REPRESENTACIÓN AO QUEDAR A TAN SÓ DOS VOTOS DE OBTER O OITAVO REPRESENTANTE

Onte, 27 de xuño celebráronse as votacións das eleccións de persoal funcionario na Deputación da Coruña, dende a sección sindical de CCOO queremos salientar o elevado grado de participación de preto do 78%.

Agradecemos ás 216 persoas que confiaron na candidatura de CCOO, un 55% máis que a segunda central sindical e un 7% máis dos apoios obtidos por CCOO nas anteriores eleccións que xa supuxeron para nós un fito histórico. Aumentamos a diferenza coa segunda forza máis votada en relación ás anteriores eleccións, nesta ocasión obtivemos 77 votos máis (fronte ao xa excepcional resultado de fai catro anos de 59 votos). Estas 216 persoas elixiron unha opción baseada no sindicalismo de clase, a defensa ecuánime de todos e todas, o pragmatismo, a transversalidade, o diálogo e a empatía que posibilitará profundar nas canles de dialogo que CCOO conseguiu tecer co Goberno provincial.

Resultados en votos por mesas electorais

	Pazo Provincial	Rosalía Mera	Emilio Romay	Itinerante	TOTAL
CCOO	**117**	**41**	36	**22**	**216**
CIG	51	29	**39**	20	**139**
CSIF	98	24	4	9	**135**
UGT	42	**41**	14	7	**104**

CCOO gaña unha vez máis as eleccións de funcionarios obtendo 7 representantes por 5 CIG e CSIF e 4 UGT. CCOO gaña en tres mesas, quedando segunda na outra mesa electoral.

Lamentablemente non puidemos incrementar a representación ao quedar a tan só dos votos de obter o oitavo representante. O que amosa a importancia que ten cada un de vós á hora de decidir quen será o teu representante sindical.

CCOO felicita a todas as centrais sindicais polos apoios obtidos e fai un chamamento á colaboración con aquelas organizacións sindicais que aposten pola defensa do conxunto dos traballadores e traballadoras. Dende hoxe mesmo nos poñemos a traballar neste novo mandato para seguir defendendo os dereitos e intereses do persoal da Deputación.